



## Condicións de uso do Servizo de Acceso ao 112 por Mensaxes de Texto para Persoas con Discapacidade Auditiva

### 1. O solicitante declara coñecer:

- **Alcance:** Que este servizo de acceso ao 112 por mensaxes de texto para persoas con discapacidade auditiva opera exclusivamente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Finalidade:** Que o uso desta facilidade debe limitarse a casos de emerxencia, propios ou alleos.
- **Procedemento:** Que o proceso de alta non será efectivo ata que CIAE 112 Galicia non realice unha proba de comunicación satisfactoria co teléfono indicado neste formulario.
- **Fiabilidade:** Que o solicitante está obrigado a comunicar ao CIAE 112 Galicia os cambios que se produzan nos datos facilitados.
- **Requisito:** Que é preciso ter recoñecido o grao de discapacidade auditiva e/ou de expresión oral (hipoacusia severa, hipoacusia profunda, xordeira, xordomudez, afasia, disartria, disfemía, disfonía, mudez, larinxectomía, ou deficiencia expresiva), segundo o disposto no Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

### 2. O solicitante autoriza expresamente e presta o seu consentimento:

a que se solicite e subministre por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, directamente a través de medios informáticos ou telemáticos, á Axencia Galega de Emerxencias, a información relativa ao recoñecemento do grao de discapacidade contida no **registro de actividades** derivado do ficheiro de datos de carácter persoal "Xestión de servizos sociais" creado pola orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo e Benestar (DOG n.º 246, do 27 de decembro de 2012). Hoxe Consellería de Política Social.



O obxecto da subministración da información será a confirmación do grao de discapacidade recoñecido para os efectos do cumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo de atención de comunicacións de emerxencia en Galicia a través dun módulo específico de atención a persoas con discapacidade auditiva ou da fala desenvolvida na Plataforma de Despacho Automatizado co que traballa o Servizo 112 Galicia.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados conforme especifique o rexistro de actividades , que ten por finalidade recoller a información necesaria para levar a cabo a xestión de incidencias xeradas, así como a mobilización dos recursos necesarios para a súa resolución, non habendo cesións de datos agás as previstas na lei.

En aplicación da normativa europea e nacional de Protección de Datos, o responsable do tratamento que é a Axencia Galega de Emerxencias terá en conta o tratamento para categorías especiais de datos persoais, ante o cal o usuario poderá exercer os dereitos de Información, Acceso, Rectificación, Supresión (Olvido), Limitación do tratamento, Portabilidade, Oposición e Decisións Individuais automatizadas, segundo os **artigos 12 a 23** do Regulamento (UE) do Parlamento Europeo de do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación dos mesmos, e os **artigos 11 ao 18** da Lei Orgánica do Estado 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.